

Un século de Vida Gallega, a revista literaria máis popular

Cúmprense cen anos do nacemento da revista literaria galega máis popular e duradeira: Vida gallega. Entre 1909 e 1963 viron a luz 779 números. Dalgún deles, a finais dos anos 20, chegaronse a imprimir 70.000 exemplares, máis do dobre, por exemplo, que o diario máis popular daquel tempo, El Pueblo Gallego.

UN ARTIGO DE HENRIQUE ALVARELLOS

A COLECCIÓN completa da revista *Vida Gallega* (VG) é hoxe inatopable. Bibliotecas, museos e centros culturais públicos de Galicia teñen parte –ás veces boa parte– dos seus 779 números, pero por ningures se encontra na súa totalidade. É incomprensible, pois falamos dun documento único –histórico, literario e gráfico– da Galicia da primeira metade do século XX. O primeiro número de VG viu a luz en Vigo en xaneiro de 1909. O xornalista e escritor Xaime Solá Mestre (Vigo, 1874-1940) foi o seu fundador, propietario e director. O último número que atopamos publicouse na primavera de 1963. Álvaro Cunqueiro era daquela o responsable e *Faro de Vigo*, a empresa editora. Dende estas dúas datas

transcorre máis de medio século de crónica dun país.

A PRIMEIRA ETAPA
O número un ten cuberta, a toda cor, dun xoven artista de 22 anos chamado Alfonso Rodríguez Castelao, e no editorial da terceira páxina dise o seguinte:

“Vida gallega será un brillante compendio de la obra literaria de Galicia (...). Este periódico es un gráfico y tiende a presentar en formas plásticas la vida gallega. (...) Nuestra primera plana en color es obra de un caricaturista gallego notabilísimo, Alfonso Rodríguez Castelao, que acaba de obtener en la exposición Iturrióz de Madrid un gran triunfo. (...) Castelao ha entrado a formar parte de nuestra redacción

como redactor artístico.”

Así mesmo, faise un chamamento ao “concurso de todos los fotógrafos, tanto profesionales como aficionados”:

“No rechazaremos ninguna fotografía que la redacción considere interesante. (...) Los fotógrafos no deben temer a que sus asuntos sean frívolos. De lo mismo insignificante puede salir la visión precisa de la vida gallega.”

Ou sexa: literatura e crónica social; creación, información e imaxe. Con estas bases, os primeiros anos de *Vida Gallega* constitúen hoxe, un século despois, un documento xornalístico imprescindible, todo un escáner dunha época: o aspecto das nosas cidades e vilas, os actos sociais máis postos nos salóns da burguesía daquel tempo, as homenaxes a paisanos ilustres tributadas na terra ou –o máis importante– na emigración, pois a emigración galega a América foi a grande destinataria –e mecenas tamén– deste proxecto editorial.

O GALEGUISMO
O sentimento de defensa de Galicia estaba claro. Xurdía, ademais, nun contexto no que as ansias –chamémoslles– rexionais ou rexionalistas, alborexaran había pouco. Mais o grande debate chegou á hora de defender a lingua propia, o galego, como instrumento no que expresar ese amor polo país. *Vida Gallega* viviu, páxina a páxina, a protohistoria do nacionalismo galego, o



Capa do primeiro número de *Vida Gallega*, obra de Castelao, publicado no mes de xaneiro de 1909




Entre 1909 e 1963, en distintas épocas, viron a luz 779 números da revista. Hoxe, algúns deles son imposibles de atopar

AS PLANAS DA REVISTA
CONSTITÚEN HOXE
UN DOCUMENTO
IMPRESINDIBLE
NA HISTORIA GALEGA
DO XORNALISMO

ACOLLEU A TODA A
INTELECTUALIDADE
DA ÉPOCA, PERO AXIÑA
SE DISTANCIÓU DOS
NOVOS MOVEMENTOS
GALEGUISTAS

nacemento das Irmandades da Fala, a constitución do Partido Galeguista, a República e... o estourido da guerra civil. De todo isto non ía saír indemne. Acolleu, iso si, a toda a intelectualidade do momento. Firmas como Murguía, Cabanillas, Pardo Bazán, Fernández Flórez, Sofía Casanova, Noriega Varela, Rey Soto, etc, e ilustradores do talle de Castelao, Álvaro Cebreiro, Eduardo Padín... Mais axiña iniciou un distanciamento fronte aos novos movementos que, dende a política e xa na segunda década do século, comezaban a artellar xa un marco propio de decisións para o país, e en galego. Justo Beramendi, no seu recente e premiado volume *De provincia a nación* (Xerais, 2008) define a ideoloxía desta publicación como “rexionalismo ortodoxo”. O historiador e intelectual Marcos Valcárcel explica, pola súa banda e deste xeito, as relacións de VG cos galeguistas: “Vida Gallega non era unha revista encadrable no mundo cultural galeguista aínda que contase nesa época con algunhas firmas ocasionais vinculadas a este movemento



O empresario Xosé Iglesias Presa, que fora conselleiro delegado de *El Pueblo Gallego*, adquiriu os dereitos de *Vida Gallega* en 1947

ou aínda reproducindo con frecuencia, como facían tantos medios, versos dos clásicos galegos do Rexurdimento. Máis ben habería que dicir que o galeguismo consideraba esta publicación como unha revista de carácter folclórico, dirixida á emigración e a certas capas burguesas hostís aos ideais galeguistas”.

SOLÁ VS. RISCO

As polémicas entre os nacionalistas galegos e o director Xaime Solá foron moitas. Quizais, a de máis sona deuse en 1919. Solá escribira unha serie de artigos atacando unha conferencia dos nacionalistas. Decía, por exemplo, que “el nacionalismo de la lengua es (...) un artificio que no se puede ni se debe sostener”. Vicente Risco, Losada Diéguez e Arturo Noguero reaccionaron enviando unha carta conxunta a *Faro de Vigo* que Solá reproduce e contesta en *Vida Gallega* (número 123, marzo de 1919):

“Non se decata, Sr. Solá, de que o noso nacionalismo é unha Irmandade? (...) Polo camiño imos loitando pola liberdade da nosa terra e da nosa fala, para abrir os carreiros do mundo ás vivas realidades que en Galicia esmorecen asoballadas polos que, como vostedes, señor Solá, coidan que non hai máis mundo admirable que o mundo madrileño.”

E Solá contesta:

“Creo que los nacionalistas gallegos viven fuera de la realidad cuando sostienen la precisión de cultivar el idioma gallego en una forma que supone la muerte –en el agro– de la lengua española.”



Xaime Solá, fundador e primeiro director

César Antonio Molina, que baseou a súa tese doutoral (1987) na historia da prensa literaria galega, afirma no seu libro *Prensa literaria en Galicia 1809-1920* (Xerais): “Solá entende sempre a literatura galega dunha forma bilingüe, aínda que non pode agachar a súa decidida preferencia polo idioma castelán, no que el mesmo escribe”. Xa ás alturas de 1933 Solá –quen, lembramos, abría a súa revista con Castelao como “redactor artístico”– posiciónase agora duramente contra a campaña do Estatuto: “Ser galleguista supone renunciar a ser español”, denunciaba en outubro dese ano.

70.000 EXEMPLARES

Con todo, e tamén supoñemos grazas a debates coma estes, a popularidade de *Vida Gallega* chegou a tales cotas que superou, en tiraxes, aos diarios galegos de máis implante. Por exemplo, en 1927, con máis de 350 números xa publicados, as tiradas rondaban os 70.000 exemplares, unha cifra elevadísima, pois o xornal galego de maior difusión, *El Pueblo*


Gallego, non superaba os 30.000 exemplares; *Faro de Vigo*, 15.000; *La Voz de Galicia*, 13.700, e *El Ideal Gallego*, 10.000. (Fonte: *De provincia a nación*, Justo Beramendi).

O SILENCIO E O RENACER

Vida Gallega só sobreviviu dous anos ao inicio da guerra. En maio de 1938, a escaseza de papel e produtos básicos para poder afrontar a edición, levou ao seu peche. Xaime Solá faleceu en 1940 e en 1947 a súa viúva, María Beiner Hoffer –de orixe suíza–, vendía os dereitos de publicación da revista a Xosé Iglesias Presa (Ponteareas, 1900-Madrid, 1971), un empresario da comunicación afincado en Lugo que fora conselleiro-delegado de *El Pueblo Gallego*, tamén un dos editores da revista poética *Alba* –e, asemade, tío-avó de quen isto escribe–. Logo de 16 anos de silencio, en novembro de 1954, reaparece *Vida Gallega*. Esta segunda etapa é bastante descoñecida para a crítica literaria malia que os 77 números que viron a luz ata maio de 1962 foron unha plataforma onde puido desenvolverse o “galeguismo posible” da época, o coñecido como o “exilio interior”. No medio da ditadura, nunha sociedade castrada por un réxime opresor, as páxinas de *Vida Gallega* ían ceibando, ás veces cun arre, outras cun xó, con caneos varios contra a censura, verdadeiras xoias literarias e artísticas, a maior parte delas en castelán, pero tamén destacada produción en galego, xunto coa crónica social, ou crónica rosa do seu tempo, centrada esta

Continúa na páxina seguinte

>>



De arriba a abaixo, capa de agosto de 1957, obra de Mariano García Patino; de marzo de 1929, asinada por Álvaro Cebreiro; e de outubro de 1957, pintada por Isaac Díaz Pardo

nunha Galicia urbana e burguesa –minoritaria, pero existente–. Os deseños e a maquetación desta segunda *Vida Gallega* estaban pensados con verdadeira vocación estética –xeniais as cubertas de Urbano Lugrís, por exemplo, ou as súas letras capitulares–, moi modernos aos ollos de hoxe, e seguían a ser prioritarias as reportaxes gráficas. O director xerente e *factotum* da publicación era o fillo de Iglesias Presa, Xosé Iglesias Díaz (Lugo, 1921-Madrid, 2004). A redacción desprazarase de Vigo a Lugo a partir de 1956 e imprimíase en Roel, na Coruña. Se collemos ao chou un número calquera desa época vemos na mancheta o elenco de escritores e ilustradores que participaban nela. Por exemplo, o número 725, de agosto de 1957: cuberta ilustrada por Mariano García Patiño, textos de González Garcés, Álvaro Cunqueiro, Martínez Barbeito, Pedro de Llano, Varela Jácome, Paco del Riego –baixo o pseudónimo de Cosme Barreiros–, ilustracións de Urbano Lugrís, Eduardo Padín...


A estes nomes hai que engadir as plumas habituais de VG: Ramón Otero Pedrayo, Manuel María, Carballo Calero, Vicente Risco –cambiaran moito as tornas dende aquela polémica de 1919–, Leandro Carré, Camilo José Cela, Luz Pozo Garza, Antonio Fraguas, Villar Chao, Manuel Prego, Paz Andrade, Moure Mariño, Bouza

Brey, Mariano Tudela, Leal Insua, Gamallo Fierros, Álvarez Blázquez, Castro-Gil, Julia Minguillón...

A publicación afondaba en debates culturais e económicos de actualidade: monográficos dedicados, por exemplo, ás relacións entre a cultura portuguesa e galega, ao idioma galego, ou á polémica –tan vella– de considerar literatura galega, ou non, a autores do país que escriben en español...


ÁLVARO CUNQUEIRO

En maio de 1962 *Vida Gallega* pasa a ser editada pola empresa Faro de Vigo S.A. –aínda que a súa cabeceira continuou, ata a actualidade, en mans dos descendentes de Xosé Iglesias Presa–. Restábanlle, nese momento, só seis números e dez meses de existencia. Neste breve período, o seu director –e redactor da maior parte das páxinas– é Álvaro Cunqueiro, que vén de se trasladar á cidade olívica e de se incorporar ao persoal do *Faro de Vigo*. O derradeiro número do que temos noticia saíu á rúa na primavera de 1963. Atrás quedaban máis de 36.000 páxinas editadas, miles de fotografías e ilustracións. Ou sexa, unha boa radiografía do que fomos todos nós nun tempo non tan remoto. ■



Risco, Noguerol e Losada Diéguez polemizan con Xaime Solá

As relacións de *Vida Gallega* cos galeguistas non sempre foron de relativo entendemento. En 1919, o seu director, Xaime Solá, escribiu unha serie de artigos moi críticos co nacionalismo, mensaxes que Vicente Risco, Arturo Noguerol e Losada Diéguez respostaron decontado nas páxinas de *Faro de Vigo*. Solá non tardaría en reproducir (esquerda) a polémica nas páxinas da súa revista.





Auto caricatura

Castelao e Luguís estaban entre os “redactores gráficos” da revista

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, na altura un mozo de 22 anos, incorporouse como “redactor gráfico” no primeiro número de *Vida Gallega*, en xaneiro 1909, e non deixaría, en diante, de publicar nas súas páxinas (arriba, un autorretrato). Outro dos grandes artistas que se encargou das ilustrar os artigos e as capas da revista foi Urbano Luguís (á dereita, unha selección de traballos).

